

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15032959	CEIP Plurilingüe Vicente Otero Valcárcel	Carral	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	4º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	15
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

1. Introducción

Esta programación nace da necesidade de todo docente de planificar a súa práctica diaria. Sen embargo, non entendemos a programación como un documento pechado e no que non pode haber variacións, senón como un marco de referencia aberto e flexible no que o contexto e os intereses do alumnado marcarán o camiño a seguir.

A correcta atención a toda a diversidade (incluído o alumnado con neae e nee) fai que a organización de espazos, tempos e apoios (tamén o do profesorado especialista de PT e AL) sexa flexible e incida na inclusión: desdobres, pequenos grupos heteroxéneos, traballo cooperativo, aprendizaxe manipulativa, utilización de diferentes espazos. Así o establece a Orde do 8 de setembro no seu artigo 43 onde se especifica que “na organización e na xestión das aulas procurárase a participación de todo o alumnado, o acceso a recursos, a flexibilidade dos agrupamentos e todo o que favoreza a interacción, a convivencia e a aprendizaxe compartida”. A programación está pensada para tres grupos de nenos e nenas do 4º Nivel de EP (4ºA conta con 21 alumnos/as, 4ºB con 20 alumnos/as e 4ºC con 20 alumnos/as) e para elaborala tivemos en conta as características dos nenos-as de 9-10 anos, onde Piaget os sitúa na etapa das operacións concretas.

Cabe sinalar que cada grupo continúa coa mesma titora que o curso pasado agás os 4 alumn@s repetidores (3 xa estaban no centro o curso pasado e 1 é unha nova incorporación). Asemade, un total de 10 nenos e nenas reciben RE desde o curso pasado.

É importante destacar que o centro no que se vai desenvolver esta programación conta con varios proxectos que son tidos en conta á hora de elaborar dito documento: PLAMBE, Polo Creativo, E-Dixgal, entre outros.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais como colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	COÑECÉMONOS	Desenvolveremos habilidades descritivas e visuais a través do estudo interdisciplinario das ciencias, linguas e a arte aproveitando as conmemoracións do centro ou as propostas dos diferentes equipos docentes.	5	2	X		
2	ALIMENTÁMONOS	Realizaremos por grupos os distintos aparellos que interveñen na función de nutrición.	10	3	X		
3	RELACIONÁMONOS	Traballaremos a percepción, análise, creación e interpretación en base as conmemoracións e contidos de ciencias naturais. Teremos en conta as conmemoracións do mes de outubro (Magosto, Samaín)	10	2	X		
4	ORIENTÁMONOS	Usaremos as Tics para facer producións audiovisuais en relación coas conmemoracións do centro ou propostas de equipos docentes	10	3	X		
5	RESPONSABILIZÁMONOS	Traballaremos as conmemoracións do centro a través de producións artísticas.	10	4	X		
6	COIDÁMONOS	Traballaremos o Día da Paz e non Violencia así como o benestar emocional e a vida sa.	10	2		X	
7	ACOLLEMOS	Centrarémonos na elaboración dos disfraces para o Entroido.	10	5		X	
8	ORGANIZÁMONOS	Elaboraremos os carteis para conmemorar o Día da Muller así como as propostas que xurdan dos diferentes equipos.	10	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	CAMBIAMOS	Realizaremos producións propias baseadas en historias ou referentes literarios	10	3			X
10	TOD@S TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR	Elaboraremos os produtos finais para o PDI.	10	4			X
11	CONSTRUIMOS	Elaboraremos máquinas simples e corpos xeométricos.	5	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	COÑECÉMONOS	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respeto na recepción de propostas plásticas e audiovisais.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Progreso no ensino técnico do debuxo. Posibilidades expresivas. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

UD	Título da UD	Duración
2	ALIMENTÁMONOS	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñecer diferentes culturas mostrando curiosidade por elas.	TI	100
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias utilizando as posibilidades expresivas do corpo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel

UD	Título da UD	Duración
3	RELACIONÁMONOS	2

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada en producións artísticas.	TI	100
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Mostras unha actitude positiva e empática cara os demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.

UD	Título da UD	Duración
4	ORIENTÁMONOS	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas na procura de información sobre algún artista.	TI	100
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Participar en producións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións, valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.

UD	Título da UD	Duración
5	RESPONSABILIZÁMONOS	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias utilizando as posibilidades expresivas do corpo.	TI	100
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Experimentar coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto e empatía polas creacións dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
6	COIDÁMONOS	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar elementos básicos das manifestacións culturais e artísticas do contorno.	TI	100
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar ideas, sentimentos e emocións a través de producións plásticas e visuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elementos configurativos básicos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual. - Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
7	ACOLLEMOS	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada en producións artísticas audiovisuais.	TI	100
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participar en producións artísticas audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Producións audiovisuais. Traballo colaborativo e importancia do proceso dalgúns dos diferentes xéneros e

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - formatos. Introducción á utilización de recursos dixitais e audiovisuais para a elaboración de obras artísticas. - Producións multimodais: iniciación na realización con diversas ferramentas sinxelas e accesibles. Recoñecemento de características elementais da linguaxe audiovisual multimodal. - Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.

UD	Título da UD	Duración
8	ORGANIZÁMONOS	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Mostrar curiosidade por propostas artísticas.	TI	100
CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Descscribir caraterísticas elementais de manifestacións artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Propostas audiovisuais básicas. O cinema como forma de narración. Imaxes fixas e en movemento en contextos culturais: análise e interpretación para a elaboración posterior de imaxes novas a partir do observado. - Principais profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
9	CAMBIAMOS	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Descscribir caraterísticas elementais de manifestacións artísticas.	TI	100
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. - Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais. - Xéneros e formatos básicos de producións audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
10	TOD@S TEMOS UNHA HISTORIA QUE CONTAR	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas.	TI	100
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respetar propostas artísticas audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxel

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Características elementais da linguaxe audiovisual multimodal. - Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.

UD	Título da UD	Duración
11	CONSTRUIMOS	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Identificar os elementos característicos básicos das distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, indicando as canles, medios e técnicas utilizados, analizando as súas diferenzas e similitudes e reflexionando sobre as sensacións producidas.	Identificar elementos básicos das manifestacións artísticas do contorno.	TI	100
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir experiencias creativas audiovisuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Rexistro e edición básica de elementos audiovisuais: conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais e de manexo sinxelo. - Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Os principios metodolóxicos que segue esta programación son:

- A motivación do alumnado. Entendemos que o alumnado debe ter un papel activo e tunha actitude favorable de cara ás aprendizaxes, por iso trataremos de partir dos seus centros de interese e plantexaremos actividades dinámicas, variadas, significativas e manipulativas.
- Se fora necesario porque a dinámica da aula non funciona ou porque a actividade así o require, gardaremos un tempo dentro do horario lectivo para realizar asembleas e así ter un espazo aberto de participación e decisión democrática.
- Seleccionaremos e secuenciaremos os contidos e competencias, agrupándoos por Unidades

Didácticas, 11 en total, a razón de 5 no primeiro trimestre, 3 no segundo e 3 no terceiro.

- O ensino fomentará a autonomía e estará centrado no alumnado. As primeiras horas utilizaranse para actividades de tipo máis académico e tradicional (actividades nos libros de texto), as horas de despois do recreo serán utilizadas para outros tipos de aprendizaxes, proxectos, tarefas, recantos preparados con materiais manipulativos, caixas de aprendizaxe... Esta organización será flexible e dependerá tamén das horas de apoio dos mestres con dispoñibilidade horaria e AL ou PT.

- Teremos en conta a progresión en dificultade e o reforzo das aprendizaxes espaciadas no tempo para favorecer a súa integración e memorización.

- Traballaremos por recantos e/ou caixas de aprendizaxe. Contaremos cun amplo e variado conxunto de materiais e recursos didácticos organizados para favorecer a súa localización, orde e autonomía.

- Co obxectivo de dotar ao alumno/a dos coñecementos e as competencias necesarias para desenvolver as súas propias aprendizaxes de forma autónoma, traballaranse diferentes técnicas de estudo, organizadores visuais e estratexias para desenvolver hábitos de pensamento organizado.

- Usaranse diferentes técnicas de aprendizaxe cooperativa e colaborativa. Os equipos serán heteroxéneos e seguirase a senda da aprendizaxe entre iguais e a corresponsabilidade.

- Traballo por proxectos e tarefas. Para levar a cabo o PDI do centro que este ano versa sobre "Tod@s temos unha historia que contar", usaremos a aprendizaxe baseada en proxectos e integraremos os diferentes saberes que aprendimos durante o curso para levalo a cabo durante a 3ª avaliación máis en profundidade combinando as linguas, as matemáticas, naturais e sociais, as linguas e a educación artística.

- Usaremos o reforzo positivo e a despenalización do erro. Levaremos a cabo estratexias de mediación, baseadas na Disciplina Positiva e outras metodoloxías afíns prestando atención ao desenvolvemento da intelixencia emocional intra e interpersonal.

- Usaremos as TIC, centrándonos nas linguaxes de programación e tamén nas competencias AMI.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Empregaremos materiais de elaboración propia.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial será o referente das medidas a contemplar que deriven dos resultados da mesma. Levarase a cabo na semana do 11 ao 15 de setembro.

Consistirá na observación directa e indirecta do alumnado a través de propostas plásticas.

A nivel de aula, algunha das medidas que se contemplan en función dos resultados obtidos son adaptar a programación en función das necesidades de todo o alumnado, facendo especial fincapé naqueles discentes máis vulnerables. Poñeremos en práctica actividades de reforzo e ampliación, recuperación de contidos e obxectivos non acadados tratando de compensar eivas

na medida das posibilidades que permita a dinámica da aula/grupo. Tamén se levarán a cabo as medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias para favorecer a aprendizaxe do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	100
Táboa de indicadores	100	100

Criterios de cualificación:

A nota trimestral, no tocante o que as UD se refire, son as seguintes:

Primeiro trimestre:

- UD 1: 20%
- UD 2: 20%
- UD 3: 20%
- UD 4: 20%
- UD 5: 20%

Segunda avaliación:

- UD 6: 30%
- UD 7: 30%
- UD 8: 40%

Terceira avaliación:

- UD 9: 30%
- UD 10: 40%
- UD 11: 30%

O 100% da avaliación final obterase do xeito seguinte:

- UD 1:5%
- UD 2: 10%
- UD 3: 10%
- UD 4: 10%
- UD 5: 10%
- UD 6: 10%
- UD 7: 10%
- UD 8: 10%

- UD 9: 10%
- UD 10: 10%
- UD 11: 5%

Cando a calificación obtida non sexa exacta o redondeo das notas farase sempre cara arriba. En calquera caso prevalecerá sempre o criterio das titoras e a xunta de avaliación.

Criterios de recuperación:

Se consideramos que o alumnado ten unha parte suspensa e que eses contidos son relevantes na materia para a continuidade da aprendizaxe indicaráselle os contidos que debe repasar e reforzar para a realización dunha proba (escrita, oral, recollida dalgún traballo...). Isto farase de maneira individual antes de rematar cada trimestre atendendo ás necesidades de cada alumno/a.

6. Medidas de atención á diversidade

A Orde 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación define a diversidade como unha realidade social que atinxe a todos os individuos e aspectos da vida.

Concíbese a atención educativa á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos máis aló de se presentan ou non necesidades específicas de apoio educativo.

Algún dos principios inspiradores LOMLOE son a equidade, a igualdade de oportunidades e a cooperación e estes son o eixe principal da programación. Enténdese equidade como darlle a cada persoa os apoios necesarios en función das súas necesidades e enténdese a igualdade de oportunidades como a flexibilidade destas actuacións para adaptalas ao alumnado e ao contexto.

Así, en colaboración co DO e tendo en conta sempre a eficiencia dos recursos e as súas propostas, deseñaranse diferentes tipos de apoio dependendo das actividades que se van a realizar e dos nenos e nenas que se beneficien deles nese momento (incluímos aquí o profesorado con dispoñibilidade horaria e tamén os mestres de PT e AL). Estes apoios serán inclusivos e seguirán os principios que Teresa Hugueta fai no seu libro Aprender juntos en el aula. Una propuesta inclusiva da Editorial Graó:

- O mestre de apoio está dentro da aula ordinaria apoiando a un só neno. Isto require de pouca coordinación e produce certa dependencia do coidador polo que se farán estes apoios so de forma puntual.
- Axudar a un alumno aumentando progresivamente a distancia. Este tipo de apoio suple as carencias do apoio anterior e será o fin último, que os alumnos acaden a autonomía.
- Agrupación temporal de alumnos dentro da aula ou na aula de apoio (desdobres). Con grupos heteroxéneos no que cada mestre atende a un grupo.
- Os dous mestres móvense pola aula axudando a quen o necesite.

- Traballo en grupos cooperativos que promovan a inclusión, o mestre de apoio ocúpase dun grupo e o titor/a doutros.
- Os dous mestres conducen unha actividade conxuntamente para casos de actividades, por exemplo, que necesiten de exposicións orais e debates.
- O mestre de apoio conduce a actividade e o mestre titor fai o apoio (permite ao titor acercarse máis aos seus alumnos e ver onde poden necesitar máis axuda).
- O mestre de apoio prepara o material para traballar na aula ou fóra dela. Este tipo de situación darase cando se necesite adaptar as actividades ou para acadar a inclusión e a participación dun neno/a con NEE, xa que o pequeno grupo favorece a relación cos compañeiros/as.

Teremos en conta para levar a cabo un tipo de apoio ou outro o benestar emocional do alumnado e a súa autoestima priorizando sempre aos nenos e nenas por enriba da organización do persoal do centro. As opinións que manifesten as familias e o propio alumnado que reciba apoios serán escoitadas e terán un peso decisivo na organización das clases nas que haxa dous docentes na aula (tamén PT e AL).

Tamén poderemos realizar unha adaptación dos tempos e instrumentos de avaliación. A avaliación entenderase como un elemento regulador e potenciador da aprendizaxe. Os alumnos e alumnas con algún tipo de dificultade ou necesidade específica de apoio educativo contarán con todas aquelas adaptacións que sexan precisas e que permitan a compensación de ditas dificultades.

Para o alumnado con materias pendentes do curso anterior ou que repite, desenvolveranse os Plans Específicos de Recuperación (art. 6.5 Orde 25 de xaneiro de 2022) e os Plans Específicos de Reforzo ou Recuperación e Apoio (art.6.3 da citada Orde) respectivamente.

Se fora necesario porque as características do alumnado así o requirira, levaremos a cabo (tal como establece o mesmo Decreto 229/2011 e a Orde 8 de setembro de 2021) medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. No presente curso escolar, inicialmente, parece que non se precisa a aplicación destas medidas extraordinarias.

Animarase ás familias a participar e a mirar as diferenzas dende unha óptica positiva de maneira que consideren que contar con nenos/as con nee e neae non supón un atranco para os seus fillos e fillas senón unha oportunidade para aprender máis aló dos contidos curriculares propiamente ditos. Para levar a cabo esta educación inclusiva teremos moi en conta o modelo DUA e a adaptación á lectura fácil.

Por último, os nosos referentes (ademais da diferente lexislación) serán as pautas de orientación, intervención e avaliación que aparecen nos diferentes protocolos publicados por esta Consellería.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN LECTORA.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA. .	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - COMPETENCIA DIXITAL .				X				
ET.4 - FOMENTO DA CREATIVIDADE	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES				X				X
ET.6 - EDUCACIÓN PARA A PAZ E PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS						X		
ET.7 - EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE					X	X		
ET.8 - EDUCACIÓN PARA A SAÚDE	X	X	X			X		

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - COMPRENSIÓN LECTORA.	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA. .	X	X	X
ET.3 - COMPETENCIA DIXITAL .			
ET.4 - FOMENTO DA CREATIVIDADE	X	X	X
ET.5 - IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES			
ET.6 - EDUCACIÓN PARA A PAZ E PREVENCIÓN E RESOLUCIÓN PACÍFICA DE CONFLICTOS			
ET.7 - EDUCACIÓN PARA O CONSUMO RESPONSABLE E O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE			
ET.8 - EDUCACIÓN PARA A SAÚDE			

Observacións:

A maioría destes elementos transversais traballaranse durante todo o ano e máis especialmente celebrando as diferentes conmemoracións (Día da Muller, Día da Saúde, Día do Medio Ambiente...)

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída á Domus	No 1º trimestre unha vez que finalicemos as unidades didácticas que versan sobre o coñecemento do corpo humano.	X		
Saída pendente de concretar	No 2º trimestre realizaremos unha saída organizada polo mestre de Educación Física.		X	
Saída ao Salón do Libro de Pontevedra.	No 3º trimestre, máis relacionado coas áreas de Linguas.			X
Saída á área recreativa da Brexa (Carral)	No 3º trimestre para coñecer a contorna da nosa vila.			X

Observacións:

As actividades de obrigado cumprimento estarán relacionadas co PDI do Centro, na maioría dos casos. Seguiremos as propostas dos diferentes equipos e o Concello e aquelas outras que poidan xurdir ao longo do curso.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse a programación didáctica en tempo e forma ao alumnado.
Metodoloxía empregada
A metodoloxía empregada favoreceu a aprendizaxe e tomou como referencia as orientacións pedagóxicas do currículo nas diferentes áreas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Organizouse a aula de forma flexible co fin de aproveitar os recursos materiais e persoais.
Medidas de atención á diversidade
Puxéronse en marcha medidas de atención á diversidade de tipo ordinario e, se fora o caso, de tipo extraordinario tendo sempre en conta a inclusión educativa e a aprendizaxe entre iguais.
Clima de traballo na aula
O clima de traballo na aula foi axeitado e levaronse a cabo medidas para acadar o coñecemento entre o alumnado e outras que favorecen a resolución pacífica de conflitos.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Coordinámonos co resto do equipo docente e coas familias ou titoras legais de forma periódica.

Descrición:

Así mesmo tamén se fará un proceso de autoavaliación da práctica docente en cada tarefa realizada que nos permita cambiar e mellorar na planificación de actividades co fin de que sirva de feedback para o deseño doutras novas. Esta autoavaliación será conxunta entre as titoras, pois procuraremos, na medida do posible, desenvolver de forma coordinada as mesmas tarefas dentro das tres aulas.

Cada ítem valorarase de 0 a 5.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesión previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observación.

2. Actividades complementarias (realizadas ou non).

No caso de non cumprir esta temporalización, analizaremos as posibles causas e proporemos as medidas correctoras necesarias para acadar a temporalización prevista na seguinte avaliación ou, se estamos na última avaliación, para incluír as modificacións necesarias na programación do vindeiro curso.

Dentro das razóns reais que deberemos analizar para saber o porque non somos capaces de manter a temporalización prevista, son, entre outros, os seguintes:

- Número e duración das actividades propostas.
- Nivel de dificultade das actividades propostas.
- Interese e motivación do alumnado
- Tipo de actividades propostas.
- Existencia de efemérides.
- Medidas de atención á diversidade previstas.
- Participación en programas externos.
- Metodoloxía que se aplica.

9. Outros apartados